

NOTA DE PRENSA 026/23
13 DE MAIO DE 2023

ARTEIXO FOI A SEGUNDA PARADA DO GALEGO DE AUTOCROSS

Antón Muiños, Iago Rodríguez, Antonio López Lence e Isaac Calvo foron os vencedores do 82º Autocross de Arteixo, segunda cita puntuable para o Campionato Galego de Autocross.

A proba, que contou con case medio cento de participantes, voltou á “Catedral” para ofrecer un espectáculo de alto nivel no que a competitividade foi a tónica das catro categorías.

En -1,600 centímetros cúbicos, primeiro triunfo da tempada para Isaac Calvo, que se impuxo na final a Martín Castro e a Rubén Uzal.

Despois dunha primeira proba complicada, Antonio López Lence impúxose entre os participantes da categoría de +1,600 centímetros cúbicos, con Jesús Santos e Daniel Castro en segundo e terceiro lugar, respectivamente.

Entre os Carcross, victoria para Antón Muiños, nunha competida final na que superou a Javier Ramilo “Kobas” e a Sergio Bello. Completaron os cinco primeiros clasificados Maikel Vilariño e Rubén Barreiro.

Por último, entre os Carcross Júnior, victoria para Iago Rodríguez, con Yésica Lorenzo e Daniel Gayoso completando o podio. Diego García foi o cuarto clasificado desta competición.